

	PICTOGRAMA	SÍMBOLO	SIGNIFICADO
<b>PERIGOS FÍSICOS</b>		BOMBONA DE GAS	GAS A PRESIÓN NUN RECIPIENTE: Algúns poden explotar coa calor: son gases comprimidos, licuados ou disueltos. Os licuados refrixerados poden producir queimaduras ou feridas relacionadas co frío (crioxénicas).
		BOMBA EXPLOTANDO	EXPLOSIVO: Estes produtos poden explotar por efecto da calor, choques, fricción ou contacto cunha lapa, faísca, electricidade estática, etc.
		LAPA SOBRE UN CÍRCULO	COMBURENTE: Poden provocar ou agravar un incendio ou unha explosión en presenza de produtos combustibles. Son produtos comburentes.
		LAPA	INFLAMABLE: Estes produtos poden inflamarse ao contacto cunha fonte de ignición (lapa, faísca, electricidade estática ...) por calor ou fricción, ao contacto co aire, auga ou se se liberan gases inflamables.
<b>PERIGOS PARA A SAÚDE</b>		CORROSIÓN	CORROSIVO: Poden atacar ou destruír metais. CORROSIVO: Poden causar danos irreversibles nos ollos ou na pel en caso de contacto ou proxección.
		SIGNO DE EXCLAMACIÓN	PERIGO PARA A SAÚDE: Producen efectos adversos en doses altas. Poden producir tamén irritación en ollos, nariz, gorxa, pel e provocar alerxias cutáneas, vertixe e somnolencia.
		CALAVERA E TIBIAS CRUZADAS	TOXICIDADE AGUDA: Producen efectos adversos para a saúde incluso en pequenas doses. Poden provocar náuseas, vómitos, dores de cabeza, perda de coñecemento e incluso a morte.
		PERIGO PARA A SAÚDE	PERIGO GRAVE PARA A SAÚDE: Produtos canceríxenos -provocando cancro-, produtos mutáxenos -que poden modificar o ADN e provocar danos á persoa exposta ou á súa descendencia-, produtos tóxicos para a reprodución -poden producir efectos nefastos nas funcións sexuais, prexudicar a fertilidade ou provocar a morte do feto ou producir malformacións-, produtos que poden modificar o funcionamento de certos órganos, como o fígado, o sistema nervioso ..., produtos que poden entrañar graves efectos sobre os pulmóns ou produtos que poden provocar alerxias respiratorias.
		MEDIO AMBIENTE	PERIGO PARA O MEDIO AMBIENTE: Provocan efectos nefastos para os organismos acuáticos (peixes, crustáceos, algas ...).